

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro “Común” entre os números C1 e C12, da “FOLLA DE RESPONSTAS”.
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na “FOLLA DE RESPONSTAS” é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a “FOLLA DE RESPONSTAS” no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Conforme ao artigo 14 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Rexistro Xeral de Protección de Datos será de consulta:

- A) Privada e gratuíta.
- B) Privada e gravada.
- C) Pública e gravada.
- D) Pública e gratuíta.

2. Conforme ao artigo 38 da Lei Xeral de Sanidade:

- A) Son competencia dos municipios a sanidade exterior e as relacións e acordos sanitarios internacionais.
- B) Son competencia exclusiva do Estado a sanidade exterior e as relacións e acordos sanitarios internacionais.
- C) Son competencia exclusiva das Comunidades Autónomas a sanidade exterior e os acordos sanitarios internacionais.
- D) Son competencia compartida do Estado e cada Comunidade Autónoma a sanidade exterior e os acordos sanitarios internacionais.

3. Conforme ao artigo 9.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a función de vixilancia e control da normativa sobre riscos laborais corresponde a:

- A) O Ministerio de Trabajo.
- B) A Inpección de Trabajo e Seguridade Social.
- C) O Ministerio de Sanidade.
- D) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Trabajo.

4. Conforme ao artigo 17.1 letra i do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal estatutario dos servizos de saúde encádrase en:

- A) O réxime de autónomos da Seguridade Social.
- B) O réxime agrario da Seguridade Social.
- C) O réxime xeral da Seguridade Social.
- D) O réxime do mar da Seguridade Social.

5. Conforme ao artigo 8 do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, é persoal estatutario fixo o que, unha vez superado o correspondente proceso selectivo:

- A) Obtén un nomeamento para o desempeño con carácter temporal das funcións que de tal nomeamento se deriven.
- B) Obtén un nomeamento para o desempeño con carácter ocasional das funcións que de tal nomeamento se deriven.
- C) Obtén un nomeamento para o desempeño con carácter permanente das funcións que de tal nomeamento se deriven.
- D) Obtén un nomeamento para o desempeño con carácter fixo discontinúo das funcións que de tal nomeamento se deriven.

6. Segundo o disposto no artigo 43.1 da Constitución Española:

- A) Recoñécese o dereito á protección da saúde so en caso de urxencia.
- B) Recoñécese o dereito á protección da saúde.
- C) Recoñécese o dereito á protección privada da saúde.
- D) Non se recoñece o dereito á protección da saúde.

7. Segundo o artigo 11.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia:

- A) O Parlamento será elixido por un prazo de cinco anos.
- B) O Parlamento será elixido por un prazo de seis anos.
- C) O Parlamento será elixido por un prazo de catro anos.
- D) O Parlamento será elixido por un prazo de tres anos.

8. Conforme ao artigo 6 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cando o paciente menor de idade non sexa capaz intelectual nin emocionalmente de comprender o alcance da intervención, ¿ a partir de qué idade do menor é necesario que o representante legal escoite a súa opinión, antes de dar o consentimento informado?

- A) Catorce anos cumpridos.
- B) Dezaseis anos cumpridos.
- C) Trece anos cumpridos.
- D) Doce anos cumpridos.

9. Conforme ao artigo 6 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección efectuarase con carácter xeral polo procedemento de:

- A) Oposición.
- B) Libre designación.
- C) Concurso
- D) Concurso–oposición.

10. Conforme ao artigo 92.1 da Lei de Saúde de Galicia o Servizo Galego de Saúde configúrase como:

- A) Un organismo privado.
- B) Un organismo autónomo de natureza administrativa.
- C) Un ente público.
- D) Un organismo público.

Preguntas de reserva

1. Segundo o artigo 18 do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, é un dereito colectivo:

- A) A xubilación.
- B) A formación continuada.
- C) A mobilidade voluntaria.
- D) A folga.

2. Segundo o artigo 10 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, o proceso selectivo iniciarase mediante convocatoria publicada no:

- A) Diario Oficial da Unión Europea.
- B) Diario Oficial de Galicia.
- C) Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial do Estado simultaneamente.
- D) Boletín Oficial do Estado.